

Quéresme facer o favor de calar?': para unha gramática comunicativa do galego

Ana Bravo García¹; Nerea López Iglesias²

Recibido: 15 de xuño de 2019 / Aceptado: 28 de outubro de 2019

Resumo. O estudo das funcións comunicativas é esencial para a aprendizaxe de linguas. Nos últimos anos estase a desenvolver unha liña de traballo, notablemente frutífera, que ten como obxectivo a elaboración de gramáticas comunicativas e a súa aplicación didáctica. Malia isto, non existe unha obra de referencia destas características no ámbito do galego. Por esta razón, a intención principal deste traballo é a de achegar unha serie de parámetros fundamentais para a elaboración dunha obra deste tipo, a partir da descrición das funcións de *petición* e de *mandato* dende un punto de vista comunicativo. Teranse en conta, así mesmo, as posibles aplicacións didácticas que deben ter estas gramáticas, de maneira que poidan constituír unha ferramenta de maior utilidade tanto para o profesorado como para o alumnado.

Palabras chave: galego; gramática comunicativa; ensino de linguas; función comunicativa.

[es] *Quéresme facer o favor de calar?': para una gramática comunicativa del gallego*

Resumen. El estudio de las funciones comunicativas es esencial para el aprendizaje de lenguas. En los últimos años se está desarrollando una línea de trabajo, notablemente fructífera, que tiene como objetivo la elaboración de gramáticas comunicativas y su aplicación didáctica. A pesar de esto, no existe una obra de referencia con estas características en el ámbito del gallego. Por esta razón, la intención principal de este trabajo es la de proponer una serie de parámetros fundamentales para la elaboración de una obra de este tipo, a partir de la descripción de las funciones de *petición* y *mandato* desde un punto de vista comunicativo. Se tendrán en cuenta, asimismo, las posibles aplicaciones didácticas que deben tener estas gramáticas, de forma que puedan constituir una herramienta de mayor utilidad tanto para el profesorado como para el alumnado.

Palabras clave: gallego; gramática comunicativa; enseñanza de lenguas; función comunicativa.

[en] *Quéresme facer o favor de calar?': Basics for a Communicative Grammar for the Galician Language*

Abstract. The study of communicative functions is essential for language learning. In the past few years, a very fruitful line of work, whose main aim is to elaborate communicative grammars and their didactic application, has been developed. However, there is no reference work such as this in the Galician language. For that reason, this paper's aim is to propose a series of fundamental parameters for the elaboration of a work of this nature, based on the description of the functions of *request* and *order* from a communicative point of view. It will also pay attention to the possible didactic applications that these grammars should have, so that they can be a more useful tool for both teachers and students.

Keywords: Galician Language; Communicative Grammar; Language Learning; Communicative Function.

Sumario. 1. Introducción. 2. A nosa proposta. 3. A selección de exemplos. 4. A estrutura da gramática. 5. Un exemplo de entrada. 6. Proposta de actividade. 7. Consideracións finais. 8. Referencias bibliográficas.

Como citar: Bravo García, A.; López Iglesias, N. (2019): "*Quéresme facer o favor de calar?': para unha gramática comunicativa do galego*", en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 22, pp. 63-72.

¹ Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
Correo-e: acbragar@cirp.gal

² Universidade do Minho; Universidade de Santiago de Compostela.
nlopigl@cirp.gal

1. Introducción

O Marco Europeo Común de Referencia para as linguas (MECR)³ sinala que o proceso de aprendizaxe dunha lingua debe partir do presuposto de que todas as persoas son axentes sociais, o que fai que todos os actos de fala (Austin 1962) que realicen van ter implicacións na súa contorna, tornando indisoluble a unión dos conceptos de *lingua e contexto social*. O ensino dunha lingua debe ter como obxectivo principal o desenvolvemento da competencia comunicativa –polo que entendemos a capacidade para elaborar, entender e interpretar os eventos comunicativos, tendo en conta o seu significado literal pero podendo entender as implicacións, o sentido implícito. Dende a publicación deste documento téñense producido numerosas adaptacións dos métodos de ensino, avaliación e dos materiais didácticos dos que dispoñen as linguas. É por isto polo que consideramos que é preciso construír unha ferramenta que responda a estas características, achegando o estudo das funcións comunicativas aos discentes dentro dun contexto didáctico, no que teñan cabida os diferentes factores que interveñen nos procesos de comunicación. Enténdese pois, que a descrición da gramática debe realizarse atendendo a tódolos factores que participan nas diferentes situacións comunicativas.

Cando se aprende outra lingua –como segunda lingua (L2) ou lingua estranxeira (LE)– o obxectivo é poder desenvolverse en diferentes situacións comunicativas e que nos axuden a (con)vivir dentro dunha determinada sociedade.

Presentamos aquí os primeiros pasos para a elaboración dunha gramática comunicativa para a lingua galega dende un enfoque comunicativo e didáctico. Trátase dun proxecto innovador que constitúe un grande avance no ámbito do ensino-aprendizaxe da lingua galega, que cada vez ve máis reducido o seu número de falantes entre a xente nova. Con este proxecto non só se pretende proporcionar unha ferramenta didáctica, senón que tamén se contribúe á normalización da lingua galega e á equiparación dos seus estudos lingüísticos con Europa. Consideramos que o emprego dunha gramática comunicativa pode aumentar as relacións do usuario co exterior, xa que se están a formar falantes competentes e que son quen de se desenvolver ante situacións comunicativas moi diferentes.

Neste artigo, polo tanto, preténdese presentar o deseño base para a elaboración dunha gramática comunicativa da lingua galega e exemplificar unha posible entrada por medio da descrición da función comunicativa de *pedido*. Os pedidos forman parte dos actos ilocutivos considerados por Siebold: “el hablante que emite una petición tiene como fin influir en el comportamiento del oyente de forma que éste lleve a cabo la acción descrita en la locución” (Siebold 2008: 83).

Como se pode ver, estes actos de *pedido* poden supoñer un ataque cara á propia imaxe do enunciador, especialmente no caso do galego (Fernández López 2009: 107), posto que realiza unha intrusión no terreo do interlocutor, de maneira que non só chega con coñecer as estruturas gramaticais, senón que tamén é preciso termos en conta cales son os mecanismos de cortesía que mitigan a ameaza que pode supoñer o pedido.

Tendo en conta o anterior, búscase elaborar unha obra de consulta rápida que cubra as necesidades do alumnado, mais tamén do profesorado, para mellorar as competencias comunicativas.

Este artigo divídese principalmente en dúas partes: os tres primeiros epígrafes, que serán de carácter teórico, onde se debulla a estrutura que se pretende para a obra, así como tamén se explican as partes das que se compón e os principais problemas que xurdiron; e a segunda parte, pola súa banda, que recolle a entrada para unha función de *pedido* e unhas mostras de como se pretende que sexan as actividades que se propoñen.

2. A nosa proposta

Como xa indicamos anteriormente, o obxectivo fundamental é a elaboración dunha gramática para o galego partindo dun enfoque comunicativo e didáctico. Este tipo de gramáticas implican a concepción da aprendizaxe de linguas dentro dos seus contextos reais de uso, entendendo que as descricións gramaticais non poden desligarse do seu obxecto didáctico, aspirando a unha comprensión xeral –por parte dos usuarios– dos mecanismos participantes da enunciación dentro dun contexto comunicativo específico. Tendo como pretensión central a construción dunha ferramenta que atope

³ Dispoñible para consultas en: https://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/marco/cvc_mer.pdf.

nas aulas os seus destinatarios principais, fíxase como público albo os aprendices de galego como LE ou L2 e os docentes que teñen que facer fronte ao ensino da lingua. Porén, isto non exclúe outro tipo de usuarios como poden ser os falantes nativos que teñan dúbidas sobre calquera aspecto da lingua galega. Este proxecto de gramática comunicativa baséase, fundamentalmente, na proposta da *Gramática Comunicativa del Español* de Matte Bon (1992) que publica en dous tomos: o primeiro, ‘de la lengua a la idea’ e o segundo ‘de la idea a la lengua’. Concretamente seguiremos a formulación teórica establecida neste segundo tomo por considerala máis axeitada para a nosa finalidade. Estruturalmente tamén se achegará a este modelo, pero presentará unha novidade notable respecto da obra castelá: os materiais didácticos dos que falaremos a seguir.

Este proxecto de gramática comunicativa ten por obxectivo servir de guía para que tanto os docentes coma os estudantes poidan explicar/entender os mecanismos da lingua, dando cabida a aqueles casos irregulares, excluídos das gramáticas tradicionais por non seguiren a norma preestablecida. Con todo, tamén pretendemos ter en conta os intereses do estudantado, igual que Matte Bon na súa obra, onde ademais de servir de axuda ten en conta “los problemas planteados por los estudiantes, y la inquietud de tener que contestar, poco convencidos, con esos “suenan mal”, o “así está mal expresado” o “eso no se dice” (Matte Bon 1992: VI).

Considérase que a competencia gramatical que adquiren as persoas cando aprenden unha lingua –ben sexa como L2 ou LE– non debe tratarse de maneira independente das demais competencias, xa que se considera que todas están intimamente relacionadas entre si:

[L]a gramática interactúa con otros componentes y que a menudo constituye el mecanismo posibilitador fundamental a través del cual se logran determinados efectos sociolingüísticos o discursivos. Esto viene a demostrar que la competencia gramatical, la competencia sociolingüística y la discursiva no son componentes opacos de la competencia comunicativa, sino que están en continua relación los unos con los otros. En concreto, podemos afirmar que la competencia gramatical es imprescindible para la consecución de las otras competencias. (Kondo 1995: 229)

Ademais, parece evidente que é na aula de lingua na que debe prestárselle unha maior atención á competencia gramatical, aínda que

esta debe estar presente noutras disciplinas didácticas. Con todo, ensinar/aprender gramática non presenta ningún impedimento para a aplicación dun enfoque comunicativo no que interveñan e se traballen todas as destrezas comunicativas –non só a oral– tendo en conta a propia realidade na que se desenvolven as linguas, isto é, recreando as diferentes situacións ás que se enfrontan as persoas cando empregan a súa lingua na sociedade. Dito doutro xeito: a gramática debe ensinárase de maneira contextualizada (Moreno 2004: 301). Enténdese, pois, que unha obra destas características ten unha dupla función: por unha banda, describir de maneira detallada, clara e ben ordenada a lingua obxecto de estudo e, pola outra, ser accesible para quen busca aprender/ensinar unha lingua, facilitando o acceso a toda a información que explica os mecanismos que xestionan os actos comunicativos. Cómpre sinalar que unha gramática que pretende ser didáctica e que ten na comunidade educativa o seu público albo, debe ter como obxectivo principal acadar unha descrición da lingua que non estea illada dos factores que entran en xogo cando se producen os actos comunicativos. De se conseguir este obxectivo facilitará o labor pedagóxico do docente e tamén o proceso de aprendizaxe do alumnado.

Deste xeito, o obxectivo fundamental da obra é, en paralelo ao que fai Matte Bon, construír unha gramática que vaia da idea á palabra –isto é: “se van explorando distintas áreas nociofuncionales y se van presentando los distintos operadores que en ellas intervienen, cada uno individualmente, con numerosos comentarios contrastivos entre los distintos operadores” (Matte Bon 1992: XI)–, de xeito que os usuarios poidan resolver as dúbidas típicas que xorden na aprendizaxe dun idioma e que teñen que ver co seu uso en contextos comunicativos específicos. A finalidade desta obra é satisfacer as necesidades tanto dos docentes como dos aprendices á hora de adquirir as competencias comunicativas no galego.

Cando se aprende unha lingua as primeiras dúbidas que xorden son, fundamentalmente, ‘como fago para pedir algo?’ ou ‘como consigo facer determinada cousa?’. Partindo disto, búscase dotar o galego, e a todo aquel que queira achegarse a el, dunha ferramenta que sirva para codificar e que sexa útil nestes contextos. Malia que a codificación é o principal obxectivo, isto non implica que só poida producirse nesa dirección, é dicir, a partir do emprego da gramática e de aprender a codificar

mensaxes tamén se pode traballar a descodificación das mensaxes: as explicacións que se fan dos exemplos que se inclúen nas entradas facilitan esta tarefa. Alén do anterior, esta ferramenta, ademais de traballar para a mellora da competencia comunicativa do alumnado na L2/LE, serve para ampliar e mellorar o repertorio lingüístico. Con isto procuramos ofrecer un recurso didáctico para o profesorado de L2/LE que en moitas ocasións non coñece métodos didácticos para motivar o alumnado, fomentando así a participación e a aprendizaxe activa da lingua.

Por outra banda, unha obra deste tipo contribuiría a desenvolver un labor normalizador a prol da lingua galega, xa que logo, preséntase o galego en todos os contextos posibles, formais e informais, o que implica que o alumnado aprenderá a manexar a lingua galega dentro do ámbito cotián e familiar, mais tamén se traballará coa lingua galega en contextos máis formais, reflectindo algúns ámbitos de uso nos que o estudantado talvez non considere útil o coñecemento do galego. Isto implica que a gramática é unha ferramenta para loitar e combater algúns dos prexuízos presentes hoxe en día na sociedade contra a lingua galega.

Existe un outro obxectivo para esta obra: equiparar o camiño da lingüística galega ás novas correntes que se están a desenvolver na Europa e no mundo en xeral. Considérase esencial ampliar os estudos lingüísticos sobre a lingua abrindo novos programas de investigación que se sitúen na vangarda, pois desta maneira visibilízase e aumenta o prestixio do idioma da Galiza.

Se ben esta é unha pretensión bastante ambiciosa, tanto os traballos que xa se teñen feito para outras linguas románicas coma o español (Matte Bon 1992), como toda a información da que dispoñemos dentro do ámbito do estudo da lingua e a gramática galegas, xunto con ferramentas coma os corpus lingüísticos, poden facilitar enormemente o traballo para a creación futura dunha obra deste tipo. No entanto, non só se deben clarificar os aspectos que teñen que ver coa súa concepción, os seus obxectivos e a súa estruturación, senón que tamén debe aprofundarse noutras cuestións que, nun principio, poden parecer “menores”, mais que, en realidade, son cruciais para podermos establecer unha metodoloxía de traballo o máis coherente e ordenada posible. Unha destas cuestións é a extracción e selección dos exemplos, que, como

veremos a continuación, comporta algunhas dificultades que cómpre analizar e debater.

3. A selección de exemplos

A elaboración desta gramática parte da pretensión de axudar a desenvolver a competencia lingüística e comunicativa do alumnado, sen esquecer que debe servir de auxilio ao docente nesta tarefa, polo que os exemplos que se inclúan nela deben ser o suficientemente claros como para seren facilmente comprendidos e interiorizados, ademais de ser representativos da lingua real. Os corpus son ferramentas dunha grandísima utilidade no ámbito didáctico para, entre outras cousas, contribuir ao desenvolvemento da competencia léxica, amais da súa capacidade para fornecer datos da lingua real que poden ser aproveitados polo profesorado no contexto da aula, mais tamén por quen ten a tarefa de elaborar materiais didácticos ou outro tipo de obras que poidan ser empregadas na aula:

Creo que estas bases de datos electrónicas, que no han sido creadas para el uso didáctico sino para consultas e investigación, pueden ser explotadas para el desarrollo de un sinfín de actividades para la didáctica de la lengua y, en particular, para la didáctica del léxico. Faltan obras que desarrollen ejercicios a partir de materiales on-line y creo que este es el principal proyecto creativo que debe plantearse la didáctica del vocabulario en cualquiera de sus niveles de aprendizaje. (Martín Vegas 2013: 9)

A utilidade destas ferramentas está plenamente recoñecida. Porén, existe un debate, concretamente no ámbito da creación de dicionarios –mais non só–, sobre se é mellor extraer os exemplos directamente dun corpus ou crealos *ad hoc*. Se ben é certo que as dúas posturas están xustificadas, non son totalmente incompatibles na realidade, xa que é posible aproveitar todas as utilidades que nos ofrecen os corpus para obter exemplos fiables e reais ao mesmo tempo que se bota man dos propios coñecementos lingüísticos dos responsables da obra para seleccionar os exemplos ou adaptalos ás necesidades do público albo, labor tan importante ou incluso máis que a propia selección. É certo que os corpus non sempre ofrecen os exemplos que se precisan da forma na que se precisan, mais é nese momento onde se debe desenvolver o labor dos lingüistas, posto que estas carencias deben ser suplidas cos propios coñecementos dos investigadores. Estas afirmacións aquí presentadas son as bases que

se seguen para o tratamento dos exemplos no proxecto da gramática comunicativa do galego.

Por outra parte, cómpre tamén responder a dúas preguntas ao comezar coa extracción dos exemplos: ‘como?’ e ‘que?’. A simple vista as respostas parecen sinxelas e evidentes. Ao ‘como?’: vanse procurar exemplos de corpus, adaptalos ás necesidades do público albo e, deste xeito, obteranse os exemplos representativos da lingua real para cada contexto específico. No caso do ‘que (procuramos dos corpus)?’ a resposta é: que documenten a lingua actual por medio dunha grande tipoloxía textual, que ofrezan unha notable variedade de posibilidades de busca e que, quer de forma directa quer indirecta, conteñan exemplos de oralidade. Con todo, a extracción dos exemplos é unha das tarefas máis complexas, posto que non sempre os recursos dos que se dispón son suficientes para cubrir todas as necesidades e, alén disto, o que inicialmente pode parecer unha decisión metodolóxica acertada, na práctica pode verse afectada pola existencia de matices que cómpre ter presentes para non incorrer en falsidades.

O corpus principal do que se fornece este proxecto da gramática comunicativa do galego é o *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA). Non obstante, bótase man doutros corpus para suplir as carencias que poida presentar, sobre todo no referente á oralidade, posto que o CORGA está en proceso de introdución de documentos pertencentes a este ámbito.

En canto aos criterios de selección, nun primeiro momento pódese pensar que o criterio principal para seleccionar un determinado exemplo debe ser a súa frecuencia de uso: parece lóxico que as estruturas máis empregadas na lingua sexan as escollidas para ilustrar cada unha das entradas da gramática. No entanto, o criterio da frecuencia ten que ser relativizado ao achegarse aos datos de corpus. Por exemplo: a estrutura formada polo verbo *dar* en imperativo seguida de pronome átono nas *peticións* e *mandatos* é frecuente no galego actual, o coñecemento do galego dos propios usuarios da lingua así o sinalan, mais se simplemente se atende aos datos da frecuencia simple que achega o CORGA, estes parecen contradicir a

hipótese, pois o corpus só devolve unha frecuencia de uso de 3 casos por millón para esta estrutura. Non obstante, se se atende aos datos das frecuencias completas, os resultados que se obteñen xa ofrecen unha visión diferente. Así, se se consulta, en primeiro lugar, a distribución por medio, vese que a maior frecuencia de uso desa estrutura está concentrada nos libros (os xornais e as revistas, polo tipo de rexistro que empregan, non parecen medios moi proclives a presentar este tipo de estruturas):

Medio	Ocorrencias	Frecuencia normalizada
Xornal	11	1/millón
Revista	0	0/millón
Libro	126	5/millón
Internet	0	0/millón
Audiovisual ⁴	1	4/millón

Táboa 1. Distribución por medio das frecuencias completas da forma *dar* (imperativo) + pronome átono no CORGA. Elaboración propia

Se ademais se observan os datos por xénero pódese comprobar como a frecuencia normalizada é superior (Táboa 2) nos textos dramáticos, onde son frecuentes as estruturas dialogadas que imitan a oralidade. Vese, pois, como o que parecía nun principio unha frecuencia moi baixa para unha expresión, aparentemente tan común, é en realidade unha distribución que se concentra maioritariamente nun xénero específico, concretamente, naquel onde se produce unha maior aproximación á linguaxe da oralidade:

Xénero	Ocorrencias	Frecuencia normalizada
Narrativo	80	5/millón
Dramático	34	19/millón
Ensaístico	15	2/millón
Xurídico	11	1/millón

Táboa 2. Distribución por xénero das frecuencias completas da forma *dar* (imperativo) + pronome átono no CORGA. Elaboración propia

⁴ Como xa indicamos, os datos procedentes das transcripcións (e dos guiños televisivos, que tamén se inclúen neste medio) aínda non son suficientemente representativos en relación co número de documentos que presenta o corpus para os outros medios, que é notablemente superior.

Isto leva a valorar outro criterio: debe ser só a oralidade directa a fonte de exemplos? Como xa se apuntou, os recursos dos que actualmente dispón o galego están en desenvolvemento e isto implica que dificulten esta opción e, ademais, hai que ter en conta que os escritores son falantes e cando escriben obras de teatro acoden ao seu propio coñecemento de falantes da lingua á hora de recrear diálogos e situacións comunicativas concretas.

Estes datos ‘indirectos’ achegan un coñecemento que pode ser moi útil para dar conta da situación na que se atopa a lingua real por medio das representacións que se elaboran.

Existen outras dificultades que teñen que ver coa clasificación e a maneira en que estes exemplos deben ser presentados e analizados nas diferentes entradas. Xorden así cuestións relativas a se deben ser contempladas todas as relacións formais dunha mesma estrutura ou se se deben establecer posibles xerarquías entre as diferentes realizacións, entre outras cuestións.

Para exemplificar esta problemática podemos partir da análise das preguntas de *petición* e *mandato* que comezan polo verbo *poder* seguido do pronome *me* máis un verbo en infinitivo. Como sabemos, esta estrutura pode empregarse co verbo en presente, copretérito ou pospretérito, en función do grao de confianza:

Tempo verbal	2ª persoa	3ª persoa
Presente	<i>Pódesmas prestar?</i>	<i>Pódeme facer un favor; inspector?</i>
Copretérito	<i>Podíasmе emprestar uns pesos</i>	<i>Vostede podíame facer un favor?</i>
Pospretérito	<i>Poderíasme amosa-lo certificado?</i>	<i>Poderíame servir un café?</i>

Táboa 3. Exemplos das diferentes realizacións formais das peticións con *poder + me + infinitivo* con datos extraídos do CORGA. Elaboración propia

Alén de existir unha relación entre o grao de confianza, cortesía, o tempo verbal escollido e a persoa empregada, débese considerar tamén a existencia dunha posible relación entre o propio uso dunha determinada persoa e un tempo específico. Se se observan os datos das frecuencias que ofrece o corpus demóstrase esta relación, cando menos para o pospretérito:

Tempo verbal	2ª persoa	3ª persoa
Presente	64,29%	29,63%
Copretérito	14,29%	7,41%
Pospretérito	21,43%	62,69%

Táboa 4. Distribución das diferentes realizacións formais das peticións con *poder + me + infinitivo*. Elaboración propia

Desta forma, vemos que existe unha tendencia ao uso do presente nas peticións con *poder* cando o interlocutor é un *ti*, mentres que cando o interlocutor é un *vostede* o uso do pospretérito é maioritario. No referente ao copretérito, a súa frecuencia aumenta cando o verbo está en segunda persoa. A partir destas análises pódense recomendar os usos duns ou doutros tempos dependendo non só do contexto comunicativo e pragmático, senón tamén do contexto sintáctico de cada estrutura.

Por outra banda, tamén hai que contemplar os elementos que funcionan como atenuantes ou reforzadores na comunicación. Pódese pensar, continuando co exemplo das *peticións*, na estrutura formada polo verbo en imperativo *dar/traer/poñer/quitar* seguido ou non do pronome *me* e dun adverbio do tipo *aquí/aí*. Atópanse os dous tipos de exemplos no corpus, porén cómpre pensarmos se son igual de frecuentes, ou se existe algún tipo de restrición no uso do adverbio ante a presenza/ausencia do pronome átono. Reparándonos nos datos podemos observar como a presenza do adverbio –o elemento atenuante– é maior cando non aparece o pronome, como amosa a táboa 5:

V + adv	V + pron + adv
<i>Pon aquí unha copa!</i>	<i>Camila, ponme aí un café e unha copa de caña</i>
84,62%	15,35%

Táboa 5. Distribución das ocorrencias dos verbos *dar, traer, pór/poñer, quitar + adverbio aquí/equí, acá, aí/eí* precedido ou non de pronome átono no CORGA. Elaboración propia

Este exemplo concreto sérvenos para ilustrar que na presentación e clasificación dos exemplos non se deben ter en conta unicamente as diferentes posibilidades que existen e as súas implicacións pragmáticas, senón que tamén é importante atender ás posibles restricións lingüísticas que se poden dar, alén da maior ou menor frecuencia de uso que presenten.

Consideramos que para acadar o éxito na adquisición da competencia comunicativa é esencial coñecer e interiorizar estas cuestións, xa que aínda que non poidan producirse erros gramaticais, si poden provocar que as nosas enunciacións e os nosos intercambios nunha lingua non se adecúen por completo ao contexto comunicativo no que nos atopamos.

4. A estrutura da gramática

Neste apartado explícase e xustifícase a estrutura que escollemos para a obra. En primeiro lugar, cómpre sinalar que a gramática vai estar dividida en seccións que se corresponden cos actos de fala. Estas seccións son todas elas de natureza independente e autónoma entre elas. En cada unha delas describíranse as estruturas e expresións comunicativas e lingüísticas que constitúen o sistema comunicativo do galego, mais tamén se terán en conta outros elementos extralingüísticos como a xestualidade e, por ende, a combinación entre o plano lingüístico e o xestual. Os contextos de uso das diferentes expresións ocupan un lugar central na sección, xunto cos exemplos, que se procura que sexan reais, dando conta dos diferentes contextos pragmáticos nos que aparecen. Unha vez que se decide a estrutura xeral da obra cómpre atender á estrutura interna de cada sección. Debido ao carácter que se lle pretende dar a esta obra considérase que debe dividirse cada unha das seccións en dúas partes: as entradas e os materiais didácticos. A primeira parte é aquela na que se expón a información

gramatical sobre o acto de fala, mentres que na segunda se propoñen unha serie de actividades para levar á práctica á aula os contidos teóricos da primeira (Figura 1).

Dentro das entradas realízase unha división en tres partes: a idea, a lingua e a realidade. A idea encabeza o apartado enunciado ‘Como se fai para (idea)’ e, a seguir, descríbese a situación comunicativa concreta da maneira máis específica, sintética e clara posible. Procúrase a maior concreción, polo que dentro dunha mesma función comunicativa –por exemplo as peticións– faranse tantas divisións e subdivisións como foren necesarias. Por exemplo: sábese que se poden pedir accións ou obxectos e, dentro das peticións destes últimos, establécese que estas poden ser directas ou indirectas, e cada unha delas subdivídese en formal/informal. Para que non haxa confusión posible as entradas van encabezadas por un enunciado coma “Como se fai para pedir un obxecto de xeito directo e informal?”. Posteriormente achégase a información lingüística, facendo unha descrición pormenorizada de cada estrutura, enfatizando os matices que poidan ser de interese en relación aos diferentes exemplos: se presentan ou non elementos atenuantes, a función que estes elementos –de presentalos– teñen, as connotacións que teña cada enunciación etc.

Alén disto, tamén se achega, cando é preciso, información relativa aos elementos extralingüísticos que poden intervir na comunicación. Unha vez presentada a función e a súa descrición aparece a información gramatical e finalmente os exemplos. Como se pode observar no seguinte apartado, a descrición de cada unha das estruturas realízase de maneira pormenorizada, tratando todas aquelas diferenzas que teñen que ver co tipo de interlocutor ao que se dirixe, coa intención de quen fala, coa relación entre os interlocutores –maior ou menor grao de confianza, a existencia ou non de xerarquías etc.–, co uso de determinadas palabras ou expresións –os elementos atenuantes etc.– ou coa prosodia e os xestos que se empregan –ou se poden empregar– en cada caso para poñer a énfase nunha determinada intención.

A outra parte é o material didáctico que, á súa vez, se divide nas actividades didácticas e no material complementario. Considérase importante a inclusión deste tipo de materiais que exemplifican a maneira na que unha obra deste tipo pode empregarse no contexto da aula, xa que así non ficará relegada simplemente á consulta puntual de dúbidas específicas. Así, a




Figura 1. Esquema da estrutura de cada sección

segunda parte da gramática estaría constituída por unha serie de actividades nas que se pon en práctica os coñecementos e destrezas adquiridos en cada unha das seccións. Son fundamentalmente exercicios prácticos deseñados especificamente para esta obra e que pretenden servir de ferramenta para que o alumnado se converta en axente activo na adquisición da lingua.

Por outra banda, o material complementario está dirixido á orientación do docente, incluíndo suxestións para unha aplicación máis eficaz das actividades didácticas. Pretende servir como guía para o profesorado, que podería empregalo como se presenta ou adaptalo –o que é máis recomendable– ás necesidades da aula e do alumnado. Estas actividades estarían organizadas en función das diferentes situacións comunicativas ás que fan referencia, polo tanto están relacionadas con cada unha das entradas.

A configuración e as posibilidades de explotación destas actividades, ao igual que as entradas, van estar condicionadas polo soporte no que vaia presentada a obra, mais o modelo sería o mesmo: unha serie de exercicios nos que os discentes son os protagonistas da aprendizaxe e cos que poñen en práctica o aprendido por medio da elaboración de textos, a resposta a cuestionarios breves, a simulacións orais de situacións comunicativas específicas etc.

Ademais, cada exercicio leva asociada algunha anotación que vai dirixida aos docentes –os chamados materiais complementarios–; estes son específicos para cada actividade e teñen como finalidade facilitar a tarefa docente. A complexidade das indicacións vai depender da complexidade das propias actividades e das posibilidades de adaptación a diferentes contextos da aula. É importante sinalar que o material complementario pretende servir de guía e en ningún momento se pretende dar indicacións da forma ‘correcta’ ou ‘incorrecta’ de desenvolver o labor docente. No quinto apartado achegamos un exemplo de actividade.

5. Un exemplo de entrada

PEDIR OBXECTOS

Como se fai para pedir un obxecto de xeito directo e informal?

Para pedir un obxecto a alguén con quen temos unha relación de proximidade, confianza ou familiaridade podemos empregar as seguintes estruturas:

Verbo en imperativo (+ pronome átono) + obxecto

- (1) Anda, **dáme** o sal, e algo para coller auga do río.
- (2) **Tráeme** unha cervexa!
- (3) Vou botar unha pouca de leña no lume que xa debe quedar pouca.
Pilládeme aí unhas cantas rachas, que así non teño que facer tantas viaxes.
- (4) **Trae** aquí iso.
- (5) Severino, **déixame** esa vasoira que tes para barre-la tenda.

A intención comunicativa do imperativo é a de conseguirmos que o interlocutor faga algo que nós desexamos (neste caso, que nos dea un obxecto). O emprego do imperativo pode denotar quer familiaridade co interlocutor (1), quer unha relación de xerarquía (2, 4) como a que existe entre un xefe e un empregado.

Malia tratarse de expresións cunha estrutura similar, non todas se usan nos mesmos contextos comunicativos. Por exemplo, as frases con *dar* + *obxecto* diferéncianse das construídas co verbo *deixar* en que nas primeiras o emisor non ten, en principio, a intención de devolverlle ao seu interlocutor o obxecto requirido, mentres que nas segundas si pode existir esta intención.

En galego, ademais, é frecuente o uso de determinadas unidades lingüísticas que funcionan como atenuantes e/ou reforzadores da comunicación: *aquí* (4) ou *aí* (3). Os valores lingüísticos destes elementos van máis alá de simples adverbios de lugar, xa que poden servir, por exemplo, para evitar algún tipo de tensión co interlocutor no momento de facer a petición ou mandato, así como para buscar a complicidade ou maior proximidade con el.

Ademais, cando o emisor emprega estas partículas debe adoptar unha prosodia (entoación) diferente para poder marcar o seu carácter atenuante.

Frases elípticas

- (6) A ver, **un cafeíño**.
- (7) Veña, **os cartos**. Onde os tedes?

O acto comunicativo tamén pode ser realizado en galego a través de frases elípticas, que son aquelas nas que só se menciona o obxecto desexado polo emisor. Nos exemplos anteriores o elemento elidido é o verbo. A elisión do verbo é común naqueles contextos nos que é obvia a intención do emisor, xa que normalmente se trata de situacións nas que existe un contexto común previo entre os interlocutores (por exemplo, nun bar ou restaurante). Así, as

frases anteriores serían equivalentes a expresións do tipo *quero un café* ou *dáme os cartos*. Naqueles casos en que o grao de confianza co interlocutor é menor, estas frases poden estar acompañadas de condicionais de cortesía do tipo *por favor*. Ademais, é frecuente que as expresións aparezan precedidas dalgún marcador discursivo (*veña, vamos, a ver*) co fin de captar a atención do interlocutor e/ou intensificar a necesidade que o emisor ten de que se faga o que se está a pedir.

Esta forma de facer pedidos pode estar acompañada de pequenos xestos como un lixeiro movemento de cabeza (7) ou un alzamento da man (6) que axudan a aumentar o éxito do acto comunicativo.

6. Proposta de actividade

ACTIVIDADES DE APLICACIÓN

Nas seguintes imaxes podes ver diferentes situacións comunicativas. Crea unha pequena conversa para cada unha das imaxes na que empregues **expresións directas e indirectas** para pedir un obxecto. Despois, xustifica a elección de cada expresión para cada contexto específico:



Figura 2. Material didáctico da gramática comunicativa: actividades de aplicación para o traballo coa función de “pedir obxectos”. Elaboración propia

Estas actividades van acompañadas dun material complementario dirixido especificamente ao profesorado. Estas indicacións teñen como fin facilitar a tarefa docente e promover o uso da obra no contexto da aula, alén de motivar o ensino da gramática dentro dun enfoque comunicativo. Así pois, xunto coas actividades, achegaríanse una serie de indicacións para cada exercicio especificamente. Por exemplo, para a actividade anterior incluíríanse indicacións como a seguinte:



Indicacións para docentes:

Nesta actividade preténdese que o alumnado empregue expresións formais ou informais en función do contexto comunicativo. Por exemplo, espérase que na imaxe 1 empregue unha expresión directa e coloquial, mentres que na 3 o esperable sería unha expresión formal e indirecta, aínda que podería haber variacións en función da explicación ou xustificación que acheguen.

7. Consideracións finais

Neste traballo preséntanse algúns dos aspectos chave para comezar a elaboración dunha gramática comunicativa para a lingua galega. Visto o pulo que este enfoque está a coller na didáctica de linguas, coidamos que é preciso que a lingua galega conte cunha obra de referencia que presente estas características para facilitar a súa adquisición. Nun contexto sociolingüístico coma o galego, onde a transmisión interxeracional é cada vez menor, o que ten como resultado a perda de galegofalantes e que o único –ou practicamente o único– contacto que a mocidade ten coa lingua galega se produce na escola, consideramos que esta debe ofrecer unha vía de achegamento á lingua que resulte o máis didáctica e atractiva para o alumnado.

Consideramos, pois, que unha gramática comunicativa propicia unha aprendizaxe máis práctica, motivadora e diferente. Unha aprendizaxe na que o docente funcione como ponte entre o coñecemento da lingua e o alumnado, mais na que tamén se permite que sexan os estudantes os que desenvolvan o labor de aprendizaxe converténdose en axentes activos. Con este tipo de enfoque o alumnado accede a un modelo de lingua real ao mesmo tempo que mellora a súa competencia lingüística.

Por outra banda, a elaboración dunha obra deste tipo pode contribuír a paliar os posibles prexuízos que existan contra a lingua galega: a súa asociación a un contexto rural, as connotacións negativas que poida ter o seu uso en determinados ámbitos, ou a crenza de que non se debe empregar en rexistros formais. Reflectindo a realidade social e empregándoa para desenvolver situacións comunicativas de todo tipo en galego procúrase combater estes prexuízos. O alumnado terá que empregar a lingua galega en tódolos contextos que sexa posible: formais/informais, rurais/urbanos etc. Isto asegurará que entendan a presenza do galego como algo normal e natural en tódolos ámbitos.

Por todas estas razóns coidamos que é importante a creación dunha obra de referencia deste tipo para o galego, xa que non só vai garantir un ensino máis doado e motivador –tanto para docentes coma para o alumnado–, senón que tamén vai ter repercusións positivas no proceso de normalización da lingua galega.

8. Referencias bibliográficas

- Álvarez Blanco, Rosario e Xosé Xove Ferreiro (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia
- Austin, L. John (1962): *How to do things with words*. Oxford: Oxford University Press.
- CORGA = Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: *Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA) [3.0]*, <http://corpus.cirp.gal/corga/> [consulta: 20/06/2019].
- Fernández López, Xemma (2009): “Interferencias pragmáticas: aproximación ás estratexias de cortesía nas peticións en galego”, *Revista Galega de Filoloxía* 10, pp. 75-113.
- Matte Bon, Francisco (1992): *Gramática comunicativa del español. Vol. II: De la idea a la lengua* (Nova ed. rev.). Madrid: Edelsa.
- Kondo, Clara Miki (1995): “La gramática como componente de la competencia comunicativa”, en F. J. Grande Alija *et al.* (coords.), *Actuales tendencias en la enseñanza del español como lengua extranjera II. Actas del VI Congreso Internacional de ASELE*. León: Universidad, pp. 225-230.
- Lojo, María Rosa e Cristina Suárez (trads.) (2005): *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Moreno, Concha (2004): “Gramática para el profesorado; gramática para el aula: gramática para mejorar la competencia comunicativa”, en M. Castillo Carballo (coord.), *Las gramáticas y los diccionarios en la enseñanza del español como segunda lengua, deseo y realidad: actas del XV Congreso Internacional de ASELE*. Sevilla: Universidad, pp. 599-611.
- TILG = Santamarina, Antón (dir.); Ernesto González Seoane e María Álvarez de la Granja: *Tesouro informatizado da lingua galega (Versión 4.1)*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <http://ilg.usc.es/TILG/> [consulta: 20/06/2019].
- Siebold, Kathrin (2008): *Actos de habla y cortesía verbal en español y en alemán: estudio pragmalingüístico e intercultural*. Peter Lang, Frankfurt am Main.